

## **PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VALEDORA DO POBO E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS DEREITOS E DOS VALORES CULTURAIIS DO POBO GALEGO**

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2020

### **COMPARECEN**

Dunha banda, D.<sup>ª</sup> DOLORES FERNÁNDEZ GALIÑO, valedora do pobo de Galicia, segundo nomeamento efectuado por Resolución do 31 de xullo de 2019 (DOG do 1 de agosto), actuando en nome e representación da Institución en virtude dos poderes outorgados pola Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, con CIF S6500009-C e sede na Rúa Hórreo nº 65, CP 15700, de Santiago de Compostela (A Coruña).

Doutra, D.<sup>ª</sup> ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO, presidenta do Consello da Cultura Galega, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 67/2018, do 21 de xuño (DOG, núm. 123, do 28 de xuño), e que actúa de conformidade co disposto na Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (DOG, núm. 102, do 9 de agosto), así como en uso das atribucións que lle confire o artigo 14 do Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG, núm. 150, do 5 de agosto), con CIF Q6550003-E e sede no Pazo de Raxoi, 2º andar, praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela.

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a VALEDORA DO POBO é un órgano previsto no artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia e definido legalmente como a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito da Comunidade Autónoma, dos dereitos comprendidos no título I da Constitución, e dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía, en especial os sancionados no seu título preliminar. Tamén garante o sometemento pleno das administracións galegas á

lei e ao dereito e exerce as demais funcións que lle atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo.

A VALEDORA DO POBO, para o desempeño das mencionadas funcións, promove actividades de defensa, divulgación e pedagogía dos dereitos e liberdades, para o que pode establecer fórmulas de cooperación.

**SEGUNDO.-** Que o CONSELLO DA CULTURA GALEGA é unha institución estatutaria, creada pola Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Parlamento de Galicia ,para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, segundo o previsto no artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia.

O CONSELLO DA CULTURA GALEGA ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Estes son: a) Analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural e fomentar a lingua e a cultura galegas. b) Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego. c) Organizar actuacións culturais adecuadas aos fins do Consello dentro ou fóra de Galicia. d) Asesorar e consultar aos poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. e) Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego (artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega).

**TERCEIRO.-** Que tanto a VALEDORA DO POBO como o CONSELLO DA CULTURA GALEGA están de acordo en instituír e desenvolver periodicamente e de forma estable actividades conxuntas de promoción e defensa dos dereitos e dos valores culturais propios do pobo galego.

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- FINALIDADE DO PROTOCOLO**

O obxecto deste protocolo de colaboración é o desenvolvemento de actividades de promoción e defensa dos dereitos e dos valores culturais propios do pobo galego, o que se fará de forma conxunta, periódica e estable por ambas as institucións estatutarias.

## **SEGUNDA.- ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN E PERIODICIDADE**

As actividades de promoción e defensa dos dereitos e dos valores culturais propios do pobo galego poderán consistir en xornadas divulgativas ou ter calquera outra forma adecuada que permita cumprir a finalidade do protocolo. Desenvolveranse polo menos unha vez ao ano e de forma estable durante a vixencia do protocolo.

## **TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA**

Para o seguimento e control do acordado neste protocolo, así como para a programación e convocatoria das actividades, constituirase unha comisión mixta formada:

- Pola VALEDORA DO POBO, a valedora do pobo ou persoa en quen delegue.
- Polo CONSELLO DA CULTURA GALEGA, a súa presidenta ou a persoa en quen delegue.

## **CUARTA.- ACTIVIDADES PREVISTAS**

A VALEDORA DO POBO e o CONSELLO DA CULTURA GALEGA determinarán conxuntamente as actividades correspondentes á anualidade por medio da comisión mixta prevista no punto anterior.

Igualmente, procurarán a difusión pública do presente protocolo de actuación e das actividades conxuntas que poidan desenvolver. En relación con esta difusión, farase constar, nas correspondentes comunicacións públicas, os logotipos e imaxes corporativas de cada asinante.

## **QUINTA.- FINANCIAMENTO**

A VALEDORA DO POBO e o CONSELLO DA CULTURA GALEGA asumirán conxuntamente e por igual o financiamento das actividades obxecto do presente protocolo, salvo que por parte da comisión mixta se propoña e acorde outra forma de financiamento.

## **SEXTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL**

O réxime de propiedade e xestión dos resultados derivados das actividades desenvolvidas no marco do presente protocolo será establecido en cada caso pola comisión mixta.

## **SÉTIMA.- VIXENCIA E RESOLUCIÓN**

O presente protocolo terá vixencia dun ano dende a súa sinatura e renovarase anualmente de non mediar denuncia por ningunha das partes, cun mes de antelación ao seu remate. As renovacións terán un límite de 4 anos.

O protocolo tamén pode resolverse por algunha das seguintes causas debidamente xustificadas:

- Dificultades insuperables que impidan levar a bo termo as actividades estipuladas.
- Por incumprimento dos compromisos acordados, non emendado no prazo de 30 días hábiles dende o requirimento escrito da outra parte.

A resolución anticipada do protocolo non afectará as actividades iniciadas e pendentes de finalización, de acordo co contido deste protocolo e dos acordos específicos que se subscriban no seu desenvolvemento.

## **OITAVA.- RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E XURISDICIÓN**

As dúas partes comprométense a tentar resolver de común acordo, no seo da comisión mixta, todas as cuestións de interpretación e seguimento e cantos conflitos puidesen xurdir no seu desenvolvemento, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento das cuestións e litixios que poidan xurdir.

## **NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa,

comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente protocolo, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

As partes comprométese a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo, a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste protocolo.

Igualmente a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigaón legal.

As persoas interesadas poderán exercer, de ser o caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da parte.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso do seu persoal aos datos persoais durante a vixencia deste protocolo.

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das persoas interesadas á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao protocolo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE 10-12-2013).

E, como proba de conformidade, asínase este protocolo por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

**Polo CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

**Pola VALEDORA DO POBO**

A presidenta do Consello da Cultura Galega

A valedora do pobo

Rosario Álvarez Blanco

Dolores Fernández Galiño